



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTENOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

NÚM. 10/2011

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D. Manuel Pavón López. D^a Mercedes Josefina González Alonso. D^a María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José Ramón Val Alonso. D^a Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D^a Ana María López Campoamor. D^a María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p><u>NON ASISTE CON EXCUSA</u> D. José María García Rivera.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA</u> D. M^a del Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do vintenove de setembro de 2011, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 27-07-2011 E 08-09-2011.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións celebradas o 27 de xullo e 8 de setembro de 2011 e que foron oportunamente distribuídas coa convocatoria.

Toma a palabra o Sr. Cancio para manifestar que na acta do pleno celebrado o 28 de xullo, na páxina 15, nos rogos de UNIFOZ, onde pon: "1) Que se faga un aparcamento de minusválidos" débese engadir "no centro de saúde". E na acta da sesión de 8 de setembro, na páxina 15, onde pon "casa da cultura" debe poñer "casa da xuventude".

Non habendo mais intervencións, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes as actas das citadas sesións coas correccións sinaladas, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2.- OUTORGAMENTO DOS VOTOS DO CONCELLO DE FOZ PARA O CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 22 de setembro de 2011, sobre o outorgamento dos votos do Concello de Foz para o Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Non habendo intervencións procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Propor coma representantes no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria aos Concellos de Foz, Trabada e Pastoriza.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE UNIFOZ DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FOMENTO DA REMISIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CRUCE DA N-642 COA ESTRADA LU-152 CANGAS-FERREIRA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 22 de setembro de 2011, relativa á moción de UNIFOZ de solicitude ao Ministerio de Fomento da remisión do proxecto técnico cruce da N-642 coa estrada LU-152 Cangas-Ferreira.

O Sr. Cancio manifesta que a moción vai no senso de recoller a preocupación dos veciños, porque nesa estrada hai a desgraza de que cada pouco hai accidentes e o que piden é que a Corporación se dirixa ao Ministerio de Fomento e se solicite o proxecto e despois que se execute.

Toma a palabra o portavoz do PSOE, o Sr. Val, para dicir que o seu grupo remítese ao ditame da Comisión Informativa, no q votou a favor e non ten inconvinte en que se remita ese proxecto ao Concello.

Intervén o portavoz do BNG para loar a labor do PP no Congreso porque levou ese tema alí. Sinala que aínda dando a razón de que era necesario un proxecto se estea como se está e expresa que lle parece indecente porque debería estar solucionado, de todas formas se hai un proxecto o seu grupo pide que se execute.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo vai a votar a favor, pero xa votou a favor no Pleno de 23 de outubro de 2009, momento no que o Sr. Cancio era Primeiro Tenente de Alcalde e tivo dous anos para facer iso e o plantexa agora. Explica que o seu grupo é excéptico con iso, porque non cre que haxa ningún proxecto feito nin que se vaia facer, xa que na época de crise dubida que se poida levar a cabo. Para concluír a súa intervención manifesta que quizais o Sr. Cancio o leva ao Pleno de cara á galería.

O Sr. Cancio replícalle ao Sr. Alcalde que, aparte de que UNIFOZ é a primeira vez que se senta na Corporación, el asume a responsabilidade que ten de que esa obra non estea feita, pero UNIFOZ reclama iso por seguridade viaria para os veciños. Respecto ao tema económico, sinala que si existe partida en asfalto, pero coñecer o proxecto antes de que se faga a obra resulta de suma importancia.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Toma a palabra o Sr. Val para dicir que está na liña que está expoñendo D. Xaime Cancio, e que non están alí para tirarse os trastos á cabeza, xa que hai unha demanda dos veciños e hai que actuar sen tirarse os trastos, porque seguramente todos terán moitas cousas que calar, nese tema e noutros. Anuncia que o seu grupo vai votar a favor.

O Sr. González Basanta manifesta que non poden dicir “borrón e conta nova” e actuar coma se non pasase nada, porque están tamén esperando polo proxecto do corredor e poden estar dez anos sen facelo. Di que nos tempos que corren seguramente a desculpa será que non hai cartos. Anuncia que vai votar a favor.

O Sr. Alcalde intervén para dicir que se solicitou e non se fixo nada, pero son excépticos porque o PP, non fiándose, fixo unha pregunta no Congreso a través dunha viveirense. A continuación da lectura ás preguntas que se fixeron e ás respostas que se deron no Congreso sobre o tema. Continúa dicindo que son excépticos porque dende esa data o proxecto non está alí e se segue sen facer a obra e esperan que o novo goberno de España aprobe e apoie esa infraestrutura. Lle recorda a D. Xaime Cancio que no ano 99 xa estaba reclamando con pancartas esas obras e despois tivo dezaseis anos de goberno e non fixo nada. Expressa que hai que deixarse de demagoxias e apoiar esa obra. Pregúntalle ao Sr. Cancio se quere intervir por alusións.

Ao que responde o Sr. Cancio que por alusións non.

A continuación procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar ao Ministerio de Fomento remita o proxecto técnico redactado a esta Corporación para dar información aos veciños, ao mesmo tempo se contemple unha partida presupostaria para executar obra para o ano 2012.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE UNIFOZ DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA REMATE DAS OBRAS DA RÚA DO VICEDO ATA A RÚA COLINDANTE AO PASEO MARÍTIMO RAPADOIRA-LLAS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 22 de setembro de 2011, sobre a moción de UNIFOZ de solicitude á Xunta de Galicia de remate das obras da rúa do Vicedo ata a rúa colindante ao paseo marítimo Rapadoira-Llas.

Toma a palabra o portavoz de UNIFOZ para explicar a moción e di que é outra proposta no senso de recoller as preocupacións dos veciños e non se trata de buscar, unha vez mais, de cara á galería, senón que persoas que pasan por esa rúa chega un momento que teñen que invadir a estrada. Recorda que nun primeiro momento paralizouse o proxecto pola Xunta porque consideraba que podía ser solo rústico, sen embargo dende a fonte de Marzán ata Llas si hai beirarrúas ata o final, e tamén o solo ten a cualificación de rústico, pero parece que alí seguíuse outro criterio. Pide que se non é con beirarrúas que sexa con paseo.

O Sr. Val manifesta que o seu grupo vai votar a favor porque, efectivamente, existía un proxecto da Deputación e se paralizou pola Xunta e cren que debe ser a propia Xunta a que poña fin a ese problema e faga de unha vez unha obra en Foz e se preocupe polos veciños.

O portavoz do BNG manifesta que votará a favor.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que parece que se lle acabaron os cartos á Deputación, se trata dunha estrada da Deputación e asinou un convenio co Concello que vencía en decembro de 2009, no que o Concello comprometéase a tramitar as autorizacións oportunas e a Xunta respondeu que se trata de obras de urbanización non permitidas en solo rústico. Explica que haberá que falar antes coa Xunta para ver en que sentido ese proxecto é legalizable. Di que non está de acordo para nada co que pide o Sr. Val de que a remate a Xunta porque el, que é deputado, debe pedir que a obra a faga a Deputación, porque é unha estrada da Deputación.

O portavoz de UNIFOZ expresa que ao seu grupo alégralle que o PP vaia a votar a favor; coincide co Sr. Alcalde en que esa obra é necesaria porque cambiaría a seguridade dos veciños, pero que a estrada sexa da Deputación non é un obstáculo para que a Xunta invirta nela, posto que hai que colaborar. Finaliza a intervención dicindo que espera que a Xunta financie a obra e se non ten cartos haberá que buscalos por outros lados.

O Sr. Val expresa o seu acordo con Xaime Cancio de que a Xunta invirta alí e lle di ao Sr. Alcalde que se o problema son os permisos da Deputación el mesmo encargarse de poñelos á súa disposición.

Manifesta o Sr. Alcalde que houbo un acordo da Deputación de financiación 100% e porque haxa un alcalde do PP non hai por que cambiar. Di que o seu grupo non ten problema en colaborar para que a Xunta mire a viabilidade do proxecto e a Deputación debe financeiro, porque así estaba acordado. Anuncia que o seu grupo votará a favor.

Non habendo mais intervencións procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar á Xunta de Galicia se tomen medidas oportunas para o remate das obras na rúa do Vicedo, ata a súa colindante ao paseo marítimo Rapadoira-Llas.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS DEVOLUCIÓNS CORRESPONDENTES ÁS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS DA PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 22 de setembro de 2011, sobre a moción do BNG sobre as devolucións negativas da participación nos ingresos do Estado.

O Sr. González Basanta manifesta que se está ante un tema reiterado no Pleno que é o da financiación, que foi impulsado polo PP e avalado polos posteriores gobernos do PSOE. Di que os Concellos galegos saen moi prexudicados porque son pequenos e dispersos e representando un 6,5 reciben un 6,2; a maiores coas normas que están sacando para afogar as Administracións piden que se devolva. Explica que están afogando o mantemento dos servizos públicos para que cando a Administración non poda sufragar ese servizo privatícese, coma xa pasou en Foz con axuda no fogar, por exemplo. Coa moción pide que esa devolución se condicione e revise e se paralice. Engade que o custo dos servizos non é o mesmo nun concello galego que nun de Castela.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Intervén o portavoz do PSOE para dicir que o seu grupo vai votar a favor porque é consciente deses problemas e lle parece correcto que se pida unha moratoria. Diríxese ao portavoz do BNG para dicirlle que a situación non será tan catastrofista, no senso de que vaian privatizar todos os servizos. Finaliza a súa intervención manifestando que o seu grupo tamén está de acordo en pedir unha moratoria na devolución.

O portavoz de UNIFOZ anuncia que o seu grupo vai votar a favor; di que coinciden parcialmente co PSOE en que se trate que esa devolución sexa o menos agresiva. Respecto á financiación local di que efectivamente os concellos teñen menos ingresos para mais servizos. Expresa que coincide co BNG en que xa le gustaría que houbera un acordo entre partidos para buscar outro modelo de financiamento e melloralo, aínda que sexa un brindis ao sol.

O Sr. Alcalde anuncia que o seu grupo vai votar a favor, coma xa votaran a favor o 30 de setembro de 2010 nun pleno. Explica que o goberno central é o principal responsable desa situación porque fixo as previsións que nunha situación de crise non ía haber; di que na Xunta de Galicia está a pasar o mesmo pola falla de previsión do PSOE, que mentiu e fixo unhas críticas e non se cumpriron. Conclúe recordando que o Sr. Cancio fai un ano abstívose e no Pleno vota a favor.

O portavoz de UNIFOZ pregunta si estaba Xaime Cancio.

Respóndelle o Sr. Jorge Castiñeira que non sabe, pero efectivamente igual estaba de vacacións porque non opinaba aínda, porque lle daba a razón ao PSOE.

Toma a palabra o portavoz do BNG para dicir que tanto o PP coma o PSOE foron os que non se sentaron a realizar outro modelo. E dille ao Sr. Val que catastrofismo non, en tal caso será realismo, as políticas están aí, igual que privatizar a lotería, que nunca perde, ou a banca pública ou Endesa, onde hai unha ganancia se lles deixa á privada e onde hai perdas hai que reducir o gasto público. Contiúa dicindo que os ingresos si que se poden sacar de moitos sitios. Dirixíndose ao Sr. Cancio recórdalle que hai unha lei e que hai que cumprila, pero se pode cambiar. Conclúe dicindo que hai que negociar coma hai que devolver e se hai que devolver.

O Sr. Alcalde pide que se centren no debate.

Respóndelle o Sr. González Basanta que se está a falar de financiamento e que esas son as políticas.

Toma a palabra o Sr. Val para dicir que, centrándose na moción, o seu grupo vai votar a favor e non comparte a privatización respecto aos servizos públicos e por iso fixo referencia a falar de catastrofismo.

O portavoz de UNIFOZ reitera que hai que pedir un aprazamento e dirixíndose ao Sr. Alcalde dille que ao ser do novo PP non lle vai recordar o que votaban os seus compañeiros, porque xa lle cansa iso do que votara, cando era membro do PSOE, que estivo a moita honra, pero agora é membro de UNIFOZ e vota acorde co que pensa o grupo, con independencia do que votaba antes.

O Sr. Jorge respóndelle que terá opinión e debe ter coherencia co que votaba antes, non llo pide a UNIFOZ. Expresa que o PSOE ten un discurso en Foz, outro en Santiago e outro



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

en Madrid porque en Santiago non votan a favor desa moratoria. Dille ao Sr. Basanta que está dicindo unha tontería porque mestura financiamento con endebedamento.

Procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia:

Primeiro.- A que demande do Goberno do Estado a elaboración dun Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e a acordar unha moratoria no pagamento das liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado (PIE).

Segundo.- A que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da PIE, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

Terceiro.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE DERROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMOBLES RÚSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA OS EXERCICIOS 2010 E 2011.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 22 de setembro de 2011, sobre a moción do BNG sobre derogación da Orde pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

O portavoz do BNG explica que o asunto provén dunha normativa que sacou o PP en tempo de vacacións, respecto aos prezos medios no mercado, incluso con efectos retroactivos. Fai referencia a un artigo que saíu na prensa titulado "O popular socialismo". Explica que o PP o que fai é unha suba encuberta do imposto e resulta que di que non lle gusta subir os impostos. Pide que se derogue esa orde.

O Sr. Val anuncia que o seu grupo vai votar a favor porque non cre que cando os prezos dos inmobles levan tres anos baixando sexa o momento de subir o imposto, porque ademais non afecta ás vivendas de luxo.

Intervén o Sr. Cancio para dicir que UNIFOZ votará a favor porque considera a orde agresiva para os intereses dos veciños en xeral e tamén para os de Foz.

O Sr. Alcalde explica que se trata dun sistema de inventario que ven a substituír a outro que se realizaba a través de peritaxes, o que supuña un custo moi grande, por iso a Consellería aprobou esa orde que suporá un novo sistema de valoración de inmobles contemplados na Lei Xeral Tributaria. E que supón a plasmación do xa instaurado polo PSOE na Xunta. Di que o PSOE de Abadín para enriba di unha cousa e de Abadín para abaixo di outra. Engade que noutras rexións de distinto cor político xa o fan así.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. González Basanta replica que será todo o áxil que sexa, pero especialistas en xestión tributaria están dicindo que subirá ata un 35% ou un 65%. Recorda que se está falando dos prezos de vivendas medias e resulta que dos bens de luxo nada. Pregunta onde está a xustiza, xa que quitando os impostos que gravan aos que mebos teñen non se pode facer xustiza.

O Sr. Val replícalle ao Sr. Jorge que respecto á dobre moral á hora de votar, o seu grupo defende os intereses dos veciños de Foz, e di que cre que non é momento de facer esa suba e que os bens de luxo non se someten a ese sistema. Conclúe a súa intervención dicindo que os que alí están son Concelleiros de Foz e deben defender os intereses dos seus veciños.

Toma a palabra o Sr. Cancio para expresar que entón vai a haber máis recursos que peritacións había antes e iso que llo explique o Sr. Alcalde aos veciños. Manifesta que polo PP do río Masma para alí vótase unha cousa e do río Masma para alá outra e dirixíndose ao Sr. Alcalde manifesta que non se extrane do que di do PSOE.

Sr. Alcalde di que si se valora que as fincas paguen mais tamén esas fincas terán mais valor. Aclara que iso se fai para adaptalo á lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Dirixíndose ao Sr. Val di que o Concello de Foz ten un Alcalde que vai defender en todo momento aos seus veciños e así o está facendo, e no tema da ambulancia vai dar un voto e confianza á Xunta.

Procédese á votación de que o asunto quede enriba da mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (UNIFOZ).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 9 (5 PP, 3 PSOE e 1 BNG).

Non aprobándose que quede enriba da mesa, procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG),
- Votos en contra: 5 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Dirixirse ao Goberno Galego para que:

- a) Derroque e deixe sen efecto a Orde da Consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.
- b) Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmóbeis que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.

Segundo.- Dar traslado deste Acordo ao Goberno Galego e mais aos Grupos Parlamentares con representación no Parlamento de Galiza.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSDG-PSOE PARA A CREACIÓN DUNHA NOVA GARDERÍA INFANTIL.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 22 de setembro de 2011, sobre a moción do PSOE sobre a creación dunha nova gardería infantil.

O Sr. Val explica a moción dicindo que levan unha moción realista, non oportunista, porque hai unha demanda, xa que hai 50 rapaces que están en lista de espera, pode ser que algún repítase nas dúas listas, pero o que é seguro e que mínimo 25 están en lista de espera, por iso presentan esa moción para dar solución a esa demanda.

O portavoz de UNIFOZ manifesta que o seu grupo está de acordo no fondo da moción, pero se se pode cambiar votarán a favor, xa que pensan que na actual gardería existe unha planta que está infrautilizada e quizais reformándoa pódese ampliar e dar resposta á demanda. Prosegue dicindo que se se pon unha gardería igual UNIFOZ non vai estar de acordo, porque costa diñeiro mantela e os demais Concellos non van colaborar.

Intervén o portavoz do BNG para dicir que eles estarán de acordo en que se amplíe ou se faga outra, o que está claro é que hai unha demanda do Concello de Foz e hai que cubri-la neso o seu grupo si que non ten problema en que se endebede. Pide que se mire cal é a mellor ubicación.

O Sr. Alcalde manifesta que vai introducir unha enmenda porque o do Sr. Cancio parécelles interesante, e que se engada “que as prazas que se soliciten se fagan mediante a rehabilitación dese edificio”.

O Sr. Val insiste en que o seu grupo non vai modificar a moción porque cre que as instalacións existentes non son adecuadas. Di que non entende cal é o problema de que se faga unha nova, polo que non vai a aceptar a enmenda.

Toma a palabra o Sr. Basanta para explicar que cando o Concello puxo o edificio a disposición da Xunta era o que era, se fixo a galescola e o edificio era o que era. Corrobor-a que quedou o de arriba pero iso é distinto ao tema que se está a tratar, porque xa fai un ano a Corporación votou a favor de que se falara, e hai que ter vontade, porque tamén estase esperando pola residencia. Advirte que si se amplía igual non cumpre. Insiste en que ao BNG vállelle calquera cousa; agora que recorda que hai unha moción que pide que se cubran esas prazas. Conclúe dicindo que o do piso é distinto, aquilo arranxado é un aula mais coa que se cubrirían moitas prazas, pero non chegaría.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo entende a proposta de UNIFOZ e vai no senso do que pediu o BNG fai un ano. Dille ao Sr. González Basanta, respecto ao xeriátrico, que estea tranquilo, que se vai facer e que igual ten novidades nos seguintes días.

O Sr. Cancio manifesta que o seu grupo quere realizar unha enmenda para que se recolla a ampliación da que existe e non a construción de unha nova gardería.

A Secretaria intervén para dicir que ao ditaminar o asunto na Comisión Informativa o mesmo Concelleiro que está propoñendo a modificación, non procede unha enmenda, senón un voto particular e, a continuación, da lectura á definición de voto particular contida no artigo 97 do ROF, “Voto particular, es la propuesta de modificación de un dictamen formulada por un



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

miembro que forma parte de la Comisión informativa”. Advirte de que o artigo fala de modificación e non de substitución do ditame, como pretende o grupo UNIFOZ, polo que o que procedería sería modificar o ditame existente da moción do PSOE, ben engadindo texto ou ben mediante outra fórmula, pero non a substitución completa do ditame, xa que iso constituiría unha nova moción.

O portavoz de UNIFOZ manifesta que entón engaden á moción “ou que se dote ao Concello de Foz das prazas de gardería suficientes para cubrir a demanda a curto e medio prazo, vinculado ao que diga o informe técnico”.

Non habendo mais intervencións pregúntase quen vota a favor da proposta do PSOE, obténdose 4 votos a favor (3 PSOE e 1 BNG) e a continuación quen vota a favor da proposta co voto particular, obténdose 8 votos a favor (5 PP e 3 UNIFOZ), resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar ao Alcalde de Foz e á Xunta de Galicia a poñer en marcha este proxecto e solucionar canto antes esta necesidade ou que se dote ao Concello de Foz das prazas de gardería suficientes para cubrir a demanda a curto e medio prazo, vinculado ao que diga o informe técnico.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A RESTITUCIÓN DE AXUDAS AOS CONCELLOS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión de Asuntos Preparatorios do Pleno, sesión celebrada o 22 de setembro de 2011, sobre a moción do BNG sobre restitución de axudas aos concellos en materia de normalización lingüística.

O portavoz do BNG explica a moción.

Toma a palabra o Sr. Val para anunciar que o seu grupo votará a favor.

O Sr. Cancio di que o seu grupo tamén votará a favor, xa que lles parece inxusto que se elimine ese tipo de axudas, coma tamén as de rehabilitacións de muíños e cabozos, que forman parte da cultura galega.

Intervén o portavoz do PSOE para dicir que eles votarán en contra porque non está de acordo co que di o BNG de que o PP está a favor de eliminar o galego, xa que está a favor do bilingüismo e cre que a Xunta está a favor de facer planes apostando polo uso de ambas linguas.

O Sr. González Basanta pregunta que se están tanto pola labor non sabe por que van quitar axudas, non so ao Concello, senón materias que antes se daban en galego as eliminaron, polo que lle pide ao Sr. Alcalde que non diga que non está de acordo en que se elimine o galego, porque se está perdendo uso do galego.

Replicalle o Sr. Alcalde que será pola lingüística que levaron no Parlamento.

Respóndelle o portavoz do BNG que non e que de feito as políticas que fixo o predecesor do PP, na época Fraga, eran mais avanzadas.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz de UNIFOZ dirixíndose ao Sr. Alcalde dille que ve que dicirlle que non a Xunta non lle gusta nada. Explica que se trata dunha axuda necesaria para o Concello e se o Concello non contrata un normalizador é malo para o Concello, para os veciños e para a cultura galega.

O Sr. Alcalde expresa que o seu grupo vai seguir mantendo o seu voto en contra polas razóns esgrimidas xa no seu momento e que teñen constancia de que a Secretaría Xeral de Política Lingüística xa está a elaborar unha nova convocatoria de axudas ás administracións locais de bases semellantes ás anteriores e que se publicarán antes de que remate o ano e que sufragarán os gastos realizados no ano 2011. Di que saben a situación económica que existe e, polo tanto, o nivel ao que están as Administracións. Di que está claro que a política lingüística se está a fomentar nas escolas, nas universidades, nas familias, pola Xunta en tódolos ámbitos. A continuación cita unha serie de programas da Xunta para a promoción do galego. Conclúe dicindo que o apoio da Xunta de Galicia é evidente.

Rematado o debate procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG).
- Votos en contra: 5 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

Primeiro.- Restituír, con carácter de urxencia, as axudas destinadas aos Concellos en materia de normalización lingüística, baixo os seguintes criterios:

a. Resolución urxente das axudas a fin de que cada concello coñeza o importe e poida planificar as súas actuacións.

b. As axudas daranlle prioridade á creación, mantemento e estabilidade dos Servizos Municipais de Normalización Lingüística.

c. As axudas contribuirán ao financiamento das accións normalizadores durante a totalidade do n.

d. Que todos os concellos, con independencia da súa poboación, poidan acceder ás axudas, sen prexuízo da promoción de servizos comarcalizados a través da agrupación de concellos.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

9.- MODIFICACIÓN DA BASE 48 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE FOZ PRORROGADO PARA O ANO 2011.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 22 de setembro de 2011, sobre a



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

modificación da base 48 das de execución do orzamento do Concello de Foz prorrogado para o ano 2011.

O Sr. Alcalde explica que o clube solicita esa ampliación en 4000 € sobre a que se concedeu ante o comezo dunha nova tempada e le o escrito presentado polo clube.

Toma a palabra o Sr. Val para dicir que o seu grupo mantén o voto favorable da Comisión Informativa e pide que se manteña o sentido para o que se solicita a subvención.

O portavoz de UNIFOZ intervén para recordar que o 25 de abril o Alcalde no Pleno manifesta que o seu grupo entende que hai que unificar o deporte e o seu grupo propón para as seguintes eleccións facer un patronato, e naquela modificación que se levara a pleno non había un proxecto económico que o xustificara, coma no caso que se está tratando, polo que o seu grupo quere propoñer que o asunto quede enriba da mesa e se elabore unha planificación do reparto de xudas en función das necesidades de tódolos clubes e das posibilidades do Concello de Foz.

Intervén o Sr. González Basanta para sinalar que o que vía na Comisión Informativa era o tema do importe, xa que non sabían moi ben a que viñan eses 3.600 €, pero sendo para o fin que é e que teñen que xustificar eses cartos, entende que fan o seu labor, ao igual que fan outros clubes, que despois verán pedir outras axudas e haberá que darlles en función das necesidades.

Procédese á votación de que o asunto quede enriba da mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (UNIFOZ).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 9 (5 PP, 3 PSOE e 1 BNG).

Non quedando enriba da mesa o asunto procédese á votación do punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 3 PSOE e 1 BNG).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 3 (UNIFOZ).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. –A modificación da base 48 das de execución do orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2011 no relativo ao incremento do importe da **subvención nominativa** a favor do Club Deportivo Foz con destino ao seu fútbol base co seguinte teor:

DENOMINACIÓN DO PERCEPTOR	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA	CLASIFIC. PROGRAMAS	CLASIFIC. ECONÓMICA	CONTÍA €
Club Deportivo Foz	Gastos funcionamento fútbol base, categorías infantil, cadete e xuvenil	341	489	10.600,00



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Segundo. - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación das bases de execución foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación das bases de execución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

10.- CONTA XERAL DO CONCELLO DE FOZ CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 21 de xullo de 2011, sobre a Conta Xeral do Concello de Foz correspondente ao exercicio económico 2010.

O Sr. Alcalde explica que o seu grupo vai votar a favor por responsabilidade política, xa que se trata dun trámite esencial para a fiscalización polo Consello de Contas, que non implica a aceptación da xestión económica do Sr. Rivera, cuxa ausencia resulta moi significativa, cando se está a falar de contas. Prosegue dicindo que o resultado orzamentario do ano 2010 é de menos 584.000 € e o anterior goberno recoñeceu unha débeda extraxudicial que proviña de anos anteriores e pediuse unha operación de crédito a finais de ano. A continuación da lectura a parte do informe de intervención. Conclúe a súa intervención dicindo que a xestión económica do PSOE era nefasta, incluíndo ao Sr. Cancio que formaba parte.

O Sr. Val replícalle que a el o que lle estrañaría era que estivese de acordo. Aclara que o Sr. Rivera non foi ao Pleno porque está de vacacións, que tamén ten dereito. Pide responsabilidade ao PP porque por exemplo, votaron en contra de aprobar unha taxa pola depuración de augas residuais. Conclúe dicíndolle ao Sr. Alcalde que deixe de tirar pedras nos tellados dos demais e se preocupe do del.

Intervén o Sr. Cancio para manifestar que non pasará por Foz Alcalde que sexa capaz de inverter tanto diñeiro en Foz coma inverteu o Sr. Rivera; pódese estar de acordo ou non, se o que se inverteu era ou non prioritario, pero aí está a xestión. Dille ao Sr. Jorge que non sabe por que se asusta, igual porque pertence ao PP e non coñece a anterior xestión económica. Recorda que cando entrou o PSOE había débedas.

O Sr. Alcalde interrompe para dicir que están exactamente igual, que é o que teñen eles agora.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Continúa o Sr. Cancio dicíndolle que el non está falando de ningún nome propio e menos de persoas que non lles acompañan, e pedíndolle ao Sr. Jorge que lle deixe acabar, continúa manifestando que o di en voz alta, a pesar de ser unha persoa coa que tiña diferenzas, e repite que non pasará por Foz Alcalde que sexa capaz de inverter tanto diñeiro en Foz coma inverteu o Sr. Rivera.

O Sr. González Basanta manifesta que non van falar deso, xa que o tema é outro. Recorda que xa no debate dos orzamentos dos últimos anos manifestaron que non estaban de acordo como se gastaba e en que se invertía. Pregúntalle ao Sr. Jorge se vai sacar esas obrigas pendentes de cobro incobrables do orzamento. Anuncia que vai votar a favor porque o seu voto é necesario para que se dea ese trámite e se fiscalicen esas contas.

Intervén de novo o Sr. Alcalde para dicir que cando haxa que debater os orzamentos haberá que pedir o apoio de tódolos grupos, xa que se terán que facer uns orzamentos fieis á realidade. Di que se está a falar dunha xestión económica e por moito que lle pese ao Sr. Cancio, igual sexa o Concello que mais gastou pero probablemente sexa o Concello mais irresponsable, porque de cinco millón de euros de remanente en caixa, liquidalos coma os liquidou o PSOE. Expressa que hai practicamente dous millóns de euros de obrigas sen pagar, é certo que aínda fallan algúns ingresos. Aparte de todo iso, o PSOE está a deixar unhas débedas no Concello que seguramente sexan dificilmente solucionables. Expressa que vai facer caso das recomendacións dos técnicos, das que se fixo caso omiso. Dille ao PSOE que el é o responsable da situación económica do Concello de Foz e cando queiran falan deso nun pleno extraordinario e quizais haxa que por enriba da mesa algún tipo de documento, quizais sexa convinte pedir ao Pleno unha auditoría. Recalca que o seu grupo vai votar a favor por responsabilidade, xa que o Concello ten que aprobar as contas.

O portavoz de UNIFOZ intervén para dicir que el representa aos compañeiros de UNIFOZ e a súa opinión ten que ver co grupo, pero se da xestión el é responsable do PSOE o Sr. Alcalde o é do PP anterior e lle pregunta que se sabe como se aprobou o único orzamento que saíu adiante na lexislatura pasada, foi gracias ao PP.

O Sr. Alcalde interrompe ao Sr. Cancio para dicir que igual o Sr. Cancio o sabe porque quizais participou nesa xogada.

O portavoz de UNIFOZ di que quen avalou esas modificacións orzamentarias no pleno foi o PP, precisamente, e se traballou con orzamentos prorrogados porque o PP non os aprobou e non foron capaces de consensualos.

O Sr. Jorge expresa que o PP o que pide é responsabilidade para pagar aos provedores.

O Sr. Cancio di que lle está interrompindo, que aínda non rematou a súa intervención.

Replícalle o Sr. Jorge que era por alusións.

Prosegue o Sr. Cancio dicindo que hai un Alcalde que foi 16 anos Alcalde, polo que supón que non sería tan irresponsable e que a xestión económica é esa, está aí para quen lle guste e para quen non.

A continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Votos a favor: 8 (5 PP, 3 PSOE e 1 BNG).
- Abstencións: 3 (UNIFOZ).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2010 do Concello de Foz.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia.

11.- DACIÓN DE CONTAS INFORME AVALIACIÓN CUMPRIMENTO PLAN SANEAMENTO DO RD LEI 5/2009.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe de avaliación do cumprimento do plan de saneamento do RD Lei 5/2009, quedando enterados os señores asistentes.

O Sr. Alcalde manifesta que o que ven dicir o informe é que se fixo caso omiso das recomendacións dos técnicos e se gastou ese remanente.

12.-DACIÓN DE CONTAS DA SITUACIÓN DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E TESOURERÍA MUNICIPAL 2º TRIMESTRE 2011.

Dáse conta ao Pleno da Corporación da situación de execución do orzamento e tesourería municipal 2º trimestre 2011, quedando enterados os señores asistentes.

13.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 19 DE XULLO AO 26 DE SETEMBRO DE 2011.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 19 de xullo ao 26 de setembro de 2011 e que foron postas de manifesto á Secretaría, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓN.

O PSOE presenta as seguintes dúas mocións de urxencia:

1) Moción sobre a normativa a aplicar nos comedores escolares que dependen da Consellería de Educación e que se transcribe literalmente:

“MOCIÓN DE URXENCIA

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de educación ditou para o curso 2011-12 a Instrucción 1/2011 sobre a normativa a aplicar nos comedores escolares que dependen da Consellería de educación. Nesa Instrucción hai un parágrafo que amosa especialmente a actitude do goberno de Feijoo nestes momentos de crise. Baste con citar este parágrafo:

*Para evitar que se produzan **actuacións fraudulentas dos obrigados a pagar o servizo**, todas as persoas usuarias do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento, isto é, **que teñan pendente calquera cantidade, por mínima que sexa**, deberán ser excluídas do servizo, polo que non deberán figurar nas listas provisionais de usuarios, calquera que sexan as súas circunstancias económicas, persoais, etc. Estas persoas só poderán adquirir a condición de usuarios cando acrediten o pagamento de todas as cantidades que deban, e sempre que o fagan antes da publicación dos listados definitivos. Despois desa publicación, non terán dereito a usar o comedor.*

Chámalle o concelleiro actuación fraudulenta, ao retraso no pago do comedor dunha familia que ben puido quedar con todos os seus membros no paro. Porque as axudas só contemplan a situación familiar do pasado ano, e non as posibles causas sobrevidas durante o presente ano.

Así mesmo existen outros comedores que non son de xestión directa por parte da Consellería de Educación son xestionados polas nais e pais e/ou polos concellos. En numerosas ocasións as comunidades educativas teñen demandado da Consellería de Educación son xestionados polas nais e pais e/ou polos concellos. En numerosas ocasións as comunidades educativas teñen demandado da Consellería de Educación que se faga cargo da xestión destes comedores de forma que non dependan do voluntarismo das nais e pais, para quen a xestión dos mesmos supón unha grande carga que asumen con grandes sacrificios.

A solución está en que a Consellería de Educación asuma progresivamente a xestión da totalidade dos comedores como os socialistas temos solicitado en repetidas ocasións no Parlamento de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que se adopte o seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a:

- Suprimir a instrucción 1/2011, nomeadamente no que atinxe ao referido parágrafo.*
- Que se teñan en conta á hora de solicitar axudas para o pagamento do comedor escolar escolar as rendas familiares do presente ano.*
- Asumir a xestión do comedor/es escolares do Centro/s CEIP Nº 1 do Concello de Foz.*
- Que as familias usuarias de comedores de xestión indirecta teñan os mesmos dereitos que as familias usuarias de comedores de xestión directa á hora de solicitar axudas para o pagamento do comedor escolar”.*

Dáse lectura da moción polo Sr. Val e di que é urxente porque en calquera momento pode quedar algún rapaz mais sen comedor e trátase dun exemplo mais da política da Xunta.

A continuación procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG).



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 5 (PP).

O portavoz de UNIFOZ manifesta que o seu grupo coincide no fondo da cuestión, xa que é triste que a alguén lle saquen o comedor por ter unha débeda. Di que no punto tres pódese engadir “a todos os que estean nas mesmas circunstancias”.

O portavoz do BNG anuncia que votará a favor.

Intervén o Sr. Jorge para dicir que o seu grupo non sabe o contido desa orde e non pode valorar a situación, polo que se van abster.

O Sr. Val manifesta que inclúen a proposta de UNIFOZ e lamenta que o PP se absteña.

Rematado o debate procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG).
- Abstencións: 5 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

- Suprimir a Instrucción 1/2011, nomeadamente no que atinxe ao referido parágrafo.
- Que se teñan en conta á hora de solicitar axudas para o pagamento do comedor escolar escolar as rendas familiares do presente ano.
- Asumir a xestión do comedor/es escolares do Centro/s CEIP Nº 1 do Concello de Foz e a de todos os que estean nas mesmas circunstancias.
- Que as familias usuarias de comedores de xestión indirecta teñan os mesmos dereitos que as familias usuarias de comedores de xestión directa á hora de solicitar axudas para o pagamento do comedor escolar.

O PP presenta unha moción en relación ao apoio á candidatura da Asociación “Abrindo Camiño” de amigos do Camiño Norte ao Premio Elías Valiña ao esforzo revitalizador e promocional dos Camiños de Santiago, a instancias dun escrito presentado pola asociación polo presidente da Asociación “Abrindo Camiño” de Amigos do camiño Norte de Santiago, do que da lectura. Manifesta que é unha moción de urxencia.

O Sr. Cancio pregunta se é unha moción de alcaldía recollendo esa petición dos veciños.

Contéstalle o Sr. Alcalde que correcto.

O Sr. Val preguntalle ao Sr. Alcalde que é iso.

Respostándolle o Sr. Alcalde que unha moción dunha asociación.

Continúa dicíndolle o Sr. Val que da igual que non hai problema.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Vótase a urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación o asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Apoiar na candidatura da Asociación “Abrindo Camiño” de amigos do camino norte ao “Premio Elías Valiña ao esforzó revitalizador e promocional dos camiños de Santiago ano 2011.

UNIFOZ presenta as seguintes mocións:

1) Moción sobre os camiños semi-urbanos de Masín, a Veiga da Sara, do Pereiro ou a Fiallega.

A moción transcríbese literalmente a continuación:

“Jaime Cancio Rodríguez, en representación do Grupo Municipal UNIFOZ na Corporación Municipal que Vostede preside:

EXPÓN:

Que os veciños/as de Marzán, Vilaxoane en particular e en xeral os de Foz están a sufrir diariamente as consecuencias do deterioro no que se encontran os camiños semi-urbanos de Masín, a Veiga da Sara, do pereiro ou a Fiallega.

Os mencionados accesos de comunicación para os veciños colindantes con propiedades co mesmo teñen ano tras ano moitas dificultades para poder facer a súa actividade diaria relacionada coa agricultura e a simple comunicación ou acceso as súas casas.

Estes camiños-carreteras podemos asegurar que son as que en peor estado de conservación se encontran de todo o Concello, a pesar de ser practicamente urbanos. Por todo o anteriormente exposto UNIFOZ, presenta esta MOCIÓN para que a Corporación Municipal solicitude a Xunta de Galicia –Consellería do Medio Rural a sinatura dun convenio para execución dunha reforma integral dos camiños de:

- *De Masín a Veiga da Sara.*
- *Do Pereiro a Fiallega”.*

O Sr. Alcalde pregúntalle ao Sr. Cancio cal é a urxencia.

Ao que o Sr. Cancio responde que o seu grupo considera que é urxente.

A continuación vótase a urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG).
- Abstencións: 5 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Toma a palabra o Sr. Jorge para dicir que o seu grupo vai votar a favor desa proposición, xa que hai no PEIM que se pode facer cargo deses camiños e haberá mais.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo mais intervencións procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar a Xunta de Galicia –Consellería do Medio Rural a sinatura dun convenio para execución dunha reforma integral dos camiños de:

- De Masín a Veiga da Sara.
- Do Pereiro a Fiallega.

2) Moción sobre a estrada do Cemiterio ata Marzán.

A moción transcríbese literalmente a continuación:

“Jaime Cancio Rodríguez, en representación do Grupo Municipal UNIFOZ na Corporación Municipal que Vostede preside:

EXPÓN:

Que a chamada carretera do Cemiterio ata Marzán é un dos accesos a Foz, que está a ter cada día mais incremento de tránsito.

Que todos somos coñecedores de que a mencionada carretera é moi estreita para a circulación en dúas direccións.

Que a mencionada carretera é moi empregada para pasear así como para acceso peatonal ao Cemiterio, pero que non dispón de ningún espazo lateral para a circulación de peatóns co conseguinte perigo.

Por todo o anteriormente exposto UNIFOZ, presenta esta MOCIÓN para que a Corporación Municipal solicite á Deputación Provincial a sinatura dun convenio no que se contemple o proxecto e execución das obras de reforma integral da rúa do Cemiterio dende a Costa do castro ata Marzán”.

Procédese á votación da urxencia, resultando aprobada por unanimidade.

O Sr. Val manifesta que el engadiríalle “á Deputación e á Xunta de Galicia”, xa que haberá que poñerlle deberes ás dúas administracións.

O Sr. Alcalde intervén para dicirlle ao Sr. Val que parece que non lle gusta que sexa a Deputación.

Contéstalle o Sr. Val que quere engadir iso porque se fose á Xunta igual o Sr. Alcalde votaba en contra.

Continúa dicindo o Sr. Jorge que o é moi reiterativo niso, pois o sr. Cancio despois de estra 16 anos no goberno non foi capaz de facer nada diso e novamente un fogo mais de artificio do Sr. Cancio, o momento de facelo era cando estivo no goberno.

Responde o Sr. Cancio que lle gustaría que se dirixira a UNIFOZ.

O Sr. Alcalde di que non, que UNIFOZ non estaba.

Continúa o Sr. Cancio dicíndolle que se dirixa a quen queira, e que a proposta ten un sentido construtivo no sentido de darlle solución e resposta a uns veciños, xa que non se fixo e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

por iso é necesaria. Prosegue manifestando, respecto aos fogos de artificio, que a proposta é mais constructiva e mais interesante para o pobo de Foz que algúns brindis ao sol de pedirlle ao Parlamento europeo ou ao Parlamento do Estado.

O Sr. Val di que retira a súa proposta de engadir “á Deputación e á Xunta de Galicia”

Rematado o debate procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Solicitar á Deputación Provincial a sinatura dun convenio no que se contemple o proxecto e execución das obras de reforma integral da rúa do Cemiterio dende a Costa do castro ata Marzán.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O PSOE, a través do seu portavoz, realiza os seguintes rogos:

- 1) En relación ao campo de fútbol, a Deputación pon en funcionamento unhas instalacións, rógalle que poña a alguén a disposición desas instalacións.
- 2) Que leve a Pleno as Comisións Informativas que se crearon no Pleno de organización e que non están funcionando, para designar representantes.

O portavoz de UNIFOZ realiza os seguintes rogos:

- 1) Que se elabore un plan de actuación en axuda a domicilio para poder atender a tódalas familias que necesiten ese servizo na situación tan especial na que se está.
- 2) Que se elabore un plan de limpeza viaria e de sumidoiros. Por certo di que vendo a rúa Álvaro Cunqueiro se dará conta de coma está a situación.

O Sr. Alcalde manifesta que iso correspóndelle á empresa concesionaria.

Respóstalle o Sr. Cancio que non sabía, que iso é novo.

- 3) Que se constitúa e convoque o Consello Escolar Municipal e remítese ás peticións do compañeiro de Burela do Sr. Alcalde de que vai facer o mesmo, polo que se alí se pode constituír en Foz tamén.

O Sr. Alcalde respóndelle que en ningún instituto se admite esa proposta, excepto un.

Contestándolle o Sr. Cancio que se fai o mesmo co pintado do dismínuído do centro de saúde seguirán así.

O portavoz do BNG realiza os seguintes rogos:

- 1) Son rogos que xa está canso de facer, o tema da limpeza, extendendo aos paseos marítimos e de sendeirismo do Río Ouro e da Malata.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2) Que se controle o alumeadado público, xa que, por exemplo, na Avenida de Sarria non están coordinados os luminarios.

O Sr. Alcalde manifesta que son conscientes de que hai eses desfases e se está cambiando o cadro nalgún caso. Respecto á limpeza de praias di que o enxeñeiro de Costas dixo que van a reactivar o servizo de TRAGSA, o cal lles congratula.

PREGUNTAS:

O PSOE realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Con cargo a que fondos se fixeron os últimos asfaltados realizados en Escanlar, en San Martiño?

O Sr. Alcalde di que con cargo a unha obra do Plan extraordinario da Deputación.

O Sr. Val pregunta se con cargo ao Plan E.

Respóstalle o Sr. Alcalde que con cargo ao Plan E, na obra do Río Centiño, nun dos tramos non se puido chegar a un acordo co particular.

O Sr. Val pregunta se houbo un modificado do proxecto.

E lle resposta o Sr. Alcalde que si e por non perder a subvención decidiuse realizar esa obra.

2) ¿So se recolle un día nas parroquias?

Contéstalle o Sr. Alcalde que tres, coma antes.

Engade o Sr. Val que a eles os veciños dinlles que so recollen un día.

O Sr. Alcalde di que si se presenta esa queixa que especifique en que zona e se lle pedirán explicacións ao servizo de limpeza.

3) ¿É certo que se quere pechar o CENIMA durante o inverno?

O Sr. Alcalde di que non se valorou esa posibilidade e que non sería descabellado.

Recalca o Sr. Val que o Sr. Alcalde está dicindo que non sería descabellado.

O Sr. Alcalde exclama que non sabe de onde a sacou.

Insistindo o Sr. Val en que está na rúa.

Engade o Sr. Jorge que o mantemento dese edificio é altamente custoso para a Corporación.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

UNIFOZ realiza as seguintes preguntas:

1) ¿A reunión da Corporación coa Conselleira de Sanidade, acordada no Pleno de 8 de setembro, se sabe cando vai ser?

Respóndelle o Sr. Alcalde que a solicitude fíxose ás oito da mañá do día seguinte ao Pleno, despois de que se pecharan eles alí, e agora ten que responder a Conselleira.

2) ¿Abriu o goberno a carpeta do Plan Xeral? ¿Que lles pode informar exactamente?

Respóndelle o Sr. Alcalde que estiveron cos redactores.

O Sr. Cancio pregunta se cos anteriores.

O Sr. Alcalde di que cos anteriores porque o contrato caducou e propuxéronlles unha modificación dese contrato porque hai que refacer a documentación. Quizais haxa que facer unha comisión entre tódolos grupos e quizais algún poñente mais e debe haber un acordo entre eles. Exclama que o PSOE estivo tantos anos e non o conseguiu e que o seu grupo vai intentar sacalo, con toda a responsabilidade que iso supón, pero é moi importante para Foz.

O Sr. Cancio maniféstalle que UNIFOZ vai axudarlle a sacalo adiante.

Respóstalle que contan con el.

3) ¿Que se sabe da obra do porto tan necesaria para o Concello de Foz?

O Sr. Alcalde di que xestións moi boas, se falou varias veces co responsable desa obra, que é o Sr. Xoán Durán e se está traballando neso. Espera que teñan o apoio do Pleno cando se necesite para sacar adiante esa obra. Están dentro do plan natura e hai outras administracións que teñen que intervir. Di que ten unha impresión boa ata agora e hai un apoio unánime de todos. Finaliza agradecéndolle ao Sr. Cancio o seu interese e o apoio que lles está dando.

O BNG realiza a seguinte pregunta:

1) ¿Vi chamar á Conselleira para que canto antes se expliquen as previsións en relación aos servizos sanitarios do Concello?

O Sr. Alcalde di que si, que a vai chamar e vai facer o posible para que se cumpra ese acordo plenario.

Insiste o Sr. Basanta que se está falando dunha entrevista.

O Sr. Alcalde manifesta que quere dar o seu descontento con algún concelleiro que o pasado Pleno, despois de manter un debate ocupou durante dous horas a Casa Consistorial e cre que non é un exemplo que se deba dar, sobre todo a xente que está dentro dunha Corporación, entende que ningún dos membros do Pleno tiña ningunha necesidade de ocupar a sala que representa aos cidadáns.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Val toma a palabra para dicirlle ao Sr. Alcalde que esa e a opinión del, pero a do PSOE é toda a contraria, xa que o seu grupo libremente decidiu apoiar a uns cidadáns que estaban reivindicando uns dereitos.

O Sr. Cancio manifesta que esa decisión non tiña nada que ver co acto do Pleno, era unha mostra mais de apoio aos veciños, tratouse dun acto reivindicativo e unha forma mais de oporse ás medidas da Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde di qu era un acto de foto, de feito cando se sacou a foto fóronse.

Contéstalle o Sr. Cancio que a eles gustaríalle que se sacara a foto o sábado.

Di que el non, que xa sae mais do que tiña que saír na foto.

Toma a palabra o Sr. González Basanta que di que iso xa non entra nos asuntos do Pleno e para explicarlle ao Sr. Alcalde que ten que darse conta que iso é unha democracia e que a democracia é tamén que se enceren, coma un acto de reivindicación. E que o concello é un ben público, unha institución pública e débese ao veciño. Conclúe dicindo que sacarse fotos é tamén un acto democrático e ninguén lle di ao Sr. Alcalde cantas fotos debe sacarse el.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 43 minutos do vintenoventa e sete de setembro de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº

O Alcalde,

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira.

